



XUNTA DE GALICIA



I Addenda ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da administración electrónica na Comunidade autónoma de Galicia

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Don Alfonso Rueda Valenzuela, na súa condición de Vicepresidente primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia e, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

Dona M.^a del Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, no uso das facultades que lle son atribuídas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Don Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes Estatutos da Fegamp (aprobados pola Asemblea Xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola Asemblea Xeral 29 de novembro de 2019.

Todas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir esta addenda, e na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro.- Co obxectivo de alcanzar una Administración pública galega coordinada, cohesionada, interrelacionada e interoperable, en definitiva, eficiente e útil de cara a todos os cidadáns, o 12 de novembro de 2018, don Alfonso Rueda Valenzuela como conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dona Mar Pereira Álvarez como directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e don Alfredo L. García Rodríguez, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, subscribiron un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia.





XUNTA DE GALICIA



Este convenio da continuidade ao asinado o 13 de xullo do 2010 co mesmo obxecto.

Segundo.- Que na cláusula novena do convenio “*Duración do convenio*” establécese que o convenio “estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020, se prexuízo da súa prórroga por un período máximo de catro anos mediante acordo unánime entre as partes asinantes, manifestado con anterioridade á finalización do correspondente período de vixencia”.

Continuando na mesma senda, as partes acordan unha prórroga do convenio para garantir aos cidadáns o acceso electrónico aos servizos públicos en base ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.

Esta I Addenda ten por obxecto prorrogar a vixencia do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia ata o 31 de decembro de 2022.

Segunda.

En todo o non novado expresamente pola presente Addenda, seguirá en vigor o disposto no convenio.

E, en proba da súa conformidade, as partes asinan esta addenda.

Vicepresidente primeiro e
Conselleiro de Presidencia,
Xustiza e Turismo

Directora da Axencia para a
Modernización Tecnolóxica de
Galicia

Presidente da Federación
Galega de Municipios e
Provincias

D. Alfonso Rueda Valenzuela

Dona M.^a del Mar Pereira
Álvarez

D. Alberto Varela Paz

